

Venres, 17 de abril de 2026

Núm. 72

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PAZOS DE BORBÉN****Convocatorias Xuíz de Paz****ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO DO XULGADO DE PAZ DE PAZOS DE BORBÉN**

ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO DO XULGADO DE PAZ DE PAZOS DE BORBÉN (EXPEDIENTE 494/2026).-

Que está prevista a renovación da vacante do cargo de Xuíz de Paz substituto do Xulgado de Paz deste Concello.

Que corresponde ao Pleno do Concello elixir ás persoas para ser nomeadas xuíz de paz, titular e substituto deste municipio, de conformidade co que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e artigo 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

Que se abre un prazo de 10 días hábiles para que as persoas que estean interesadas, e reúnan as condicións legais o soliciten por escrito dirixido a esta Alcaldía.

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello ou por calquera dos medios que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O modelo de instancia atópase a disposición dos interesados nas dependencias municipais do Concello, onde poderán ser presentadas dentro do prazo establecido.

Que na Secretaría do Concello pode ser examinado o expediente e solicitar a información que se precise en canto a requisitos, duración do cargo, remuneración, etc.

Que non caso de non presentarse solicitudes, o Pleno da Corporación elixirá libremente, de acordo co previsto no artigo 101.1 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e o artigo 4 e 6 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz, comunicando o acordo ao Xulgado de Primeira Instancia.

Documento asinado electronicamente

